O artigo 95 da Lei 4/2007, de 20 de abril, sinala que “**1. En los ayuntamientos con aumento notorio de población en temporadas determinadas** podrá incrementarse transitoriamente su plantilla de personal mediante la **contratación de personal con funciones de auxiliar de policía**. Dicho incremento no superará el cincuenta por ciento del personal funcionario de la Policía local, **no pudiendo tampoco tener una duración de más de cuatro meses en periodo anual.**

2. El establecimiento del personal a que se refiere este apartado requerirá la tramitación por los respectivos ayuntamientos de un **expediente motivado**, del cual habrá de darse cuenta a la consejería competente en materia de seguridad de la Xunta de Galicia.

CONCELLO DE CHANTADA



CONCELLO DE CHANTADA

EXPDTE 1080/2018

3. Los auxiliares de Policía local **desempeñarán las funciones de apoyo y de auxilio a los miembros del cuerpo de Policía local** en el marco de lo dispuesto en la legislación de cuerpos y fuerzas de seguridad.

4. La selección se **hará siguiendo criterios semejantes a los fijados para los integrantes de los cuerpos de la Policía local**, contemplados en el artículo 35 de la presente ley.

5. Para el acceso a auxiliar de la Policía local se **requerirá la certificación de haber superado la enseñanza secundaria obligatoria, título de graduado escolar o equivalente, correspondiente al grupo D** de los establecidos en el artículo 25 de la Ley 30/1984, de 2 de agosto, de medidas para la reforma de la función pública.

6. Para poder ejercer estas funciones, los auxiliares **tendrán que superar previamente un curso teórico-práctico en la Academia Gallega de Seguridad Pública**.

7. En determinados casos, debida y objetivamente justificados a la consejería competente, podrá permitirse la contratación a los ayuntamientos de un número de auxiliares superior al mencionado en el apartado 1 de este artículo, o por plazo de tiempo superior que no excederá, en todo caso, de los seis meses dentro del año natural.”

Acta do tribunal seleccionador e proposta de nombramento.

Adecuación do contrato que se formaliza co disposto na normativa vixente.

Descoñécese o contrato a formalizar.

As retribucións no caso de persoal laboral se axustan ao sinalado no convenio colectivo que resulte de aplicación e, se se trata dun contrato á marxe do convenio, que estea xustificado adecuadamente e exista acordo plenario de autorización.

Informe con proposta de resolución, onde se conteña a enumeración dos feitos e disposicións legais aplicables (Artigo 175 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro)

Publicidade da convocatoria.

SEXTO.- RESULTADO DA FISCALIZACIÓN:

Procede a tramitación do expediente dacordo co artigo 219 do TRLRFL.

Omisión de fiscalización.

REPARO 80/2018. Suspéndese a tramitación do expediente, ata que os reparos sexan solventados:

Polo Alcalde, polos seguintes motivos:

Non foron fiscalizados os actos que deron orixe ás ordes de pago.

Omisión no expediente de requisitos ou trámites esenciais.

Derivado de comprobacións materiais de obras, subministracións, adquisicións e servizos.

Polo Pleno, por os seguintes motivos:

Insuficiencia o inadecuación de crédito.

Obrigas o gastos da súa competencia.

O presente informe emítese no exercicio do control de gastos e ingresos

CONCELLO DE CHANTADA



CONCELLO DE CHANTADA

EXPDTE 1080/2018

atribuído a esta Intervención

En Chantada, a data da sinatura electrónica.

A INTERVENTORA,

Asdo.: M^a CRISTINA GONZÁLEZ SANTÍN

DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE

CONCELLO DE CHANTADA

Plaza de España, Nº 1, Chantada. 27500 Lugo. Tfno. 982440011. Fax: 982462102



CONCELLO DE CHANTADA

EXPDTE 1141/2018

ASUNTO: Informe de omisión de fiscalización previa á aprobación de facturas (OF 06/2018).

Dacordo co artigo 4.1 do Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo, por o que regúlase o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional, o artigo 214 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, por o que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, TRLRFL, e o Real Decreto 424/2017, de 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do sector público, emítese o seguinte

INFORME DE INTERVENCIÓN

PRIMEIRO.- LEXISLACIÓN APLICABLE.

- 1 Lei 7/85, de 2 de abril, Lei Reguladora das Bases do Réxime Local, LRBRL.
- 2 Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, por o que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, TRLRFL.
- 3 Real Decreto 500/90, do 20 de abril.
- 4 Real Decreto 424/2017, de 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do sector público.
- 5 Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transponen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014.
- 6 Lei 15/2010, de 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, de 29 de decembro, por a que establécense medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.
- 7 Lei 25/2013, de 27 de decembro, de impulso da factura electrónica e creación do rexistro contable de facturas no Sector Público.
- 8 Real Decreto 1619/2012, de 30 de novembro, por o que se aproba o Regulamento por o que se regulan as obrigas de facturación
- 9 Bases de Execución do Orzamento para o exercicio.
- 10 Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

SEGUNDO.- ANTECEDENTES.

- Relación de facturas Nº 166 de 2018, obxecto de tramitación, as cales previamente foron anotadas no rexistro de facturas.
- Providencia da alcaldía de data de asina do documento electrónico, sinalando a conformidade das facturas, tanto en canto a prestación, como en canto a comprobación da mesma e a exactitude do importe, que se axusta a valores de mercado e ordeando a apertura do correspondente expediente.
- Conformidade das facturas e aplicación orzamentaria.
- Proposta de aprobación de facturas, de data de asina do documento electrónico.

TERCEIRO.- DESCRIPCIÓN DOS GASTOS.

Órgano xestor	Alcaldía/XGL
----------------------	--------------

CONCELLO DE CHANTADA



CONCELLO DE CHANTADA

EXPDTE 1141/2018

Obxeto do gasto	Prestación de servizos
Importe total das Relacións	176,32€
Natureza xurídica	Contratos de sevizos
Data de realización dos gastos	2018
Aplicacións orzamentarias	Varias sinaladas nas Relacións
Exercicio ao que se imputan	2018
Fases contables	Fases ADOP

CUARTO.- EXTREMOS XERAIS OBXETO DE COMPROBACIÓN.

Existencia de crédito orzamentario e que o proposto sexa o adecuado á natureza do gasto.

Órgano competente para a tramitación do expediente.

Alcalde.

Xunta de Goberno Local. Delegación de competencias Decreto 184/2015.

Executividade dos recursos que financian o gasto.

Informe con proposta de resolución, onde se conteña a enumeración dos feitos e disposicións legais aplicables (Artigo 175 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro)

Cumprimento dos requisitos de facturas (Artigo 6 do Real Decreto 1619/2012, de 30 de novembro).

Conformidade das facturas.

Sen perxuízo de que todas as facturas veñen conformadas polo Alcalde ou Concelleiro correspondente, esta Intervención entende que deberían vir acompañadas cada unha co Albarán correspondente, asinado polo persoal do Concello co solicitara.

QUINTO.- INFRACCIÓNS DO ORDENAMENTO XURÍDICO EN MATERIA DE CONTRATACIÓN. Artigos 29.8, 118, 99 e 116 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transponen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, referidos todos eles aos contratos menores e ao seu expediente de contratación, a prohibición de fraccionamento e a tramitación do expediente de contratación.

É o **artigo 29.8 da Lei 9/2017** o que indica cos contratos non poderán ter unha duración superior a un ano nin ser obxeto de prórroga. Engadindo o **artigo 99.2 da Lei 9/2017**, que “2. No podrá fraccionarse un contrato con la finalidad de disminuir la cuantía del mismo y eludir así los requisitos de publicidad o los relativos al procedimiento de adjudicación que correspondan.”

CONCELLO DE CHANTADA



CONCELLO DE CHANTADA

EXPDTE 1141/2018

Pódese sinalar os seguintes Informes de diversas Xuntas Consultivas que fan referencia ao fraccionamento de contratos.

Informe da CCCA 2/2016. Fraccionamiento de contrato vs unidad operativa o funcional: contrato menor. El contrato menor permite una simplificación sustancial del procedimiento contractual y su uso debe ser restrictivo para atender necesidades puntuales de bajo importe. Mediante expedientes independientes, no se puede contratar de manera separada, las prestaciones que por razón de su naturaleza deberían integrarse en un único objeto o que, consideradas conjuntamente, forman una unidad funcional.

Informe da Junta Consultiva de Contratación Administrativa de la Comunidad Autónoma de las Islas Baleares en el Informe 4/2010, de 29 de octubre, indicaba que:“(…) *no se pueden contratar de manera separada, mediante expedientes independientes, las prestaciones que por razón de su naturaleza deberían integrarse en un único objeto o que, consideradas conjuntamente, forman una unidad funcional.* (…).

La existencia de diversos contratos menores, tramitados simultáneamente o consecutivamente, que tienen por objeto diversas prestaciones que, consideradas en su conjunto, forman una unidad operativa o funcional, puede ser un indicio de que se ha fraccionado un contrato indebidamente- y esto es así con independencia de que el adjudicatario sea diferente en cada contrato, dado que lo que se fracciona es el objeto del contrato.

(…)en principio y con carácter general, se podría considerar que un contrato menor es contrario a derecho si el órgano de contratación, en el momento de iniciar la tramitación de este contrato, tiene conocimiento cierto- o podría tenerlo, si se aplicasen los principios de programación y buena gestión – de la necesidad de contratar una prestación determinada de carácter o naturaleza unitarios, perfectamente definida, cuyas características esenciales no pueden variar de manera sustancial, que se tiene que llevar a cabo necesariamente año tras año y que responde a una necesidad continuada en el tiempo, y, aún así, tramitase diferentes contratos menores y eludiese las normas más exigentes de publicidad y procedimiento” .

Informe 9/2009, de 15 de junio, que indica que “(…)la utilización del contrato menor sólo es susceptible de una interpretación estricta (…)

Varias veces el Consejo Consultivo de Andalucía (Dictamen 106/2000, de 25 de julio), señala que la nulidad de pleno derecho a que se verían abocados los contratos menores que supongan un fraccionamiento irregular de sus objetos, no busca sino el restablecimiento de la legalidad y tiene, por tanto, una base objetiva, (…).

Los órganos de contratación han de ser conscientes de la indisponibilidad de las normas rectoras de la contratación pública; regla jurídicamente vinculada a la satisfacción del interés general y que opera como garantía de los principios básicos de publicidad, libre concurrencia y transparencia. Además, los métodos de contratación abierta y competitiva, en los que se aplican adecuadamente los descritos principios, permiten más concurrencia y la obtención de beneficios por ofertas más ventajosas, cuestión esta última que afecta a la eficiente utilización de los recursos públicos en un período como el actual, caracterizado por importantes restricciones presupuestarias” .

CONCELLO DE CHANTADA



CONCELLO DE CHANTADA

EXPDTE 1141/2018

A **JCCA Cataluña Informe 14/2014**. El fraccionamiento fraudulento del objeto de un contrato se puede producir tanto mediante la suscripción de diversos contratos menores destinados a la obtención de un resultado único o de una prestación que hubiera tenido que ser objeto de un único contrato, como también llevando a cabo contrataciones menores sucesivas para cubrir necesidades recurrentes que tuvieran que formar parte de un único contrato, siempre que estas contrataciones sucesivas supongan una alteración de las normas de publicidad y de las relativas a los procedimientos de adjudicación que se hubieran tenido que aplicar,

Por outra banda, temos tamén a **JCCAMEH informe 12/2015, de 6 de abril**. Configuración jurídica de la licitación en uno o varios contratos: discrecionalidad vs fraccionamiento. El principio de no fragmentación fraudulenta del objeto del contrato solo operará cuando pueda hablarse de “fragmentación” como tal, esto es, cuando entre las diferentes prestaciones que pretenden contratarse (o partes de éstas) exista un vínculo operativo. Cuando este sea el caso, la discrecionalidad del órgano de contratación para tramitar una pluralidad de expedientes de contratación que culminen en una pluralidad de contratos se encontrará con el límite de la prohibición de fraccionamiento.

Por outra banda a **CCCA 2/2016. Fraccionamiento de contrato vs unidad operativa o funcional: contrato menor**. El contrato menor permite una simplificación sustancial del procedimiento contractual y su uso debe ser restrictivo para atender necesidades puntuales de bajo importe. Mediante expedientes independientes, no se puede contratar de manera separada, las prestaciones que por razón de su naturaleza deberían integrarse en un único objeto o que, consideradas conjuntamente, forman una unidad funcional, vuelve a mencionar todos os informes anteriores.

Mencionar a **JCCA Islas Baleares Informe 15/2001. Fraccionamiento del objeto del contrato** que señala que “*Los contratos de objeto igual deberían ser tratados en un único expediente de contratación, ya que la división en distintos contratos para cada ubicación de los diferentes centros, podría ser considerada un fraccionamiento del objeto del contrato cuando la división no obedezca a razones de lógica organización, debiéndose, en estos casos, utilizar la división por lotes*”.

E por último po **Informe 9/18 da JCCA Estado** señala a “**Interpretación del artículo 101 de la Ley 9/2017, de 8 de noviembre, de Contratos del Sector Público sobre el concepto de unidades funcionales**”, sinalando que “*1.- Para la licitación de un contrato público, en los supuestos en que estemos en presencia de una unidad funcional separada y que tal unidad esté caracterizada por gozar de una financiación específica y de competencia propia para celebrar un contrato, el valor estimado se calculará al nivel de la unidad de que se trate. 2.- Cuando se den las anteriores circunstancias el contrato tendrá autonomía y sustantividad respecto de los que puedan celebrarse en la misma entidad pública contratante.*”

Na medida en que se superaron para as contratacións a que se refiren as facturas recollidas neste punto as limitacións expostas, tanto no importe global dende o inicio, como no de posible duración, que en todo caso supera a anualidade permitida polo artigo 118 da Lei 9/2017, non pode empregarse o sistema do contrato menor. Por tanto, haberá que concluír que o expediente de contratación non se axusta aos trámites

CONCELLO DE CHANTADA



CONCELLO DE CHANTADA

EXPDTE 1141/2018

esixidos na lexislación sobre a materia, vulnerándose os principios de publicidade, concorrencia e obxectividade, debendo o Concello instrumentar o oportuno procedemento administrativo de contratación e licitar os mesmos no seu caso.

SEXTO.- CONSTATAÇÃO DE PRESTACIÓNS A PREZO DE MERCADO.

Dos documentos aportados, as facturas debidamente conformadas e a providencia da alcaldía, sinalando a conformidade das facturas, tanto en canto a prestación, como en canto a comprobación da mesma e a exactitude do importe, despréndese ca prestación e o suministro foi efectivamente realizada e cos prezos axústanse a prezos de mercado segundo se desprende da Providencia de alcaldía.

SÉPTIMO.- REVISIÓN DE ACTUACIÓNS.

Á vista de canto antecede e tendo en conta cos servizos prestáronse e os suministros recibíronse, dacordo co sinalado na Providencia de alcaldía, efectivamente e de conformidade, debería procederse ao pago dos mesmos atendendo aos prezos de mercado.

Agora ben, sen prexuízo de ca Administración tramite no seu caso, un procedemento de revisión de oficio destes expedientes que conleve a declaración de nulidade destes actos e as responsabilidades que haxa lugar, en atención ao **principio que prohibe o enriquecemento inxusto da Administración** e dende o punto de vista do procedemento orzamentario de gasto, entraría en xogo o mecanismo excepcional do **recoñecemento extraxudicial de crédito** regulado no artigo 60.2 do Real Decreto 500/90 e na Base 22 das Bases de Execución do Orzamento.

OITAVO.- PRELACIÓN DE PAGOS.

Dacordo co **artigo 187 do TRLRHL**, que sinala que *“La expedición de las órdenes de pago habrá de acomodarse al plan de disposición de fondos de la tesorería que se establezca por el presidente que, en todo caso, deberá recoger la prioridad de los gastos de personal y de las obligaciones contraídas en ejercicios anteriores”*, engadindo o **artigo 71.2 da Lei 39/2015, de 1 de outubro**, que *“2. En el despacho de los expedientes se guardará el orden riguroso de incoación en asuntos de homogénea naturaleza, salvo que por el titular de la unidad administrativa se dé orden motivada en contrario, de la que quede constancia. El incumplimiento de lo dispuesto en el párrafo anterior dará lugar a la exigencia de responsabilidad disciplinaria del infractor y, en su caso, será causa de remoción del puesto de trabajo.”*

Cabe sinalar que existen facturas que están pendentes de tramitar e anteriores as que se propón aprobar, polo cal éstase alterando a prelación legal de tramitación, sinalada no **artigo 71.2 da Lei 39/2015, de 1 de outubro**.

NOVENO.- RESPONSABILIDADES.

Cabe sinalar a **Lei Orgánica 9/2013, de 20 de decembro**, de control da deuda comercial no sector público, que fsi fincapé no cumprimento dos prazos de pago, e que a sostenibilidade depende de isto, ao dicir que *“2. Se entenderá por sostenibilidad financiera la capacidad para financiar compromisos de gasto presentes y futuros dentro de los límites de déficit, deuda pública y morosidad de deuda comercial conforme a lo establecido en esta Ley, la normativa sobre morosidad y en la normativa europea.”*

CONCELLO DE CHANTADA



CONCELLO DE CHANTADA

EXPDTE 1141/2018

Se entiende que existe sostenibilidad de la deuda comercial, cuando el periodo medio de pago a los proveedores no supere el plazo máximo previsto en la normativa sobre morosidad.”

En canto as responsabilidades das autoridades e do persoal ao servizo das Administracións públicas, sinala a **Disposición Adicional Vixésima Oitava** da Lei 9/2017, que “ 1. *La responsabilidad patrimonial de las autoridades y del personal al servicio de las Administraciones Públicas derivada de sus actuaciones en materia de contratación pública, tanto por daños causados a particulares como a la propia Administración, se exigirá con arreglo a lo dispuesto en la Ley 40/2015, de 1 de octubre, del Régimen Jurídico del Sector Público, así como en la normativa reglamentaria de desarrollo de la misma.*

2. La infracción o aplicación indebida de los preceptos contenidos en la presente Ley por parte del personal al servicio de las Administraciones Públicas dará lugar a responsabilidad disciplinaria, que se exigirá conforme a la normativa específica en la materia.”

Engadindo o **artigo 8.1 da Lei Orgánica 2/2012** que “**1. Las Administraciones Públicas que incumplan las obligaciones contenidas en esta Ley, así como las que provoquen o contribuyan a producir el incumplimiento de los compromisos asumidos por España de acuerdo con la normativa europea o las disposiciones contenidas en tratados o convenios internacionales de los que España sea parte, asumirán en la parte que les sea imputable las responsabilidades que de tal incumplimiento se hubiesen derivado.**

En el proceso de asunción de responsabilidad a que se refiere el párrafo anterior se garantizará, en todo caso, la audiencia de la administración o entidad afectada.”

Por outra banda sinalar ca Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, sinala no seu artigo 28.d como **Infracción moi grave**, a **omisión do trámite de intervención previa dos gastos, obrigacións ou pagos**, cando esta resulte preceptiva ou do **procedemento de resolución de discrepancias fronte aos reparos suspensivos da intervención**, regulado na normativa orzamentaria.

Engadindo o artigo 30 da mesma norma que “**2. Pola comisión dunha infracción grave impoñeranse ao infractor algunhas das seguintes sancións:**

a) A declaración do incumprimento e a súa publicación no «Boletín Oficial do Estado» ou diario oficial que corresponda.

b) A non percepción, no caso de que a levase aparelhada, da correspondente indemnización para o caso de cesamento no cargo.

3. No caso das infraccións moi graves, impoñeranse en todo caso as sancións previstas no apartado anterior.

4. Os sancionados pola comisión dunha infracción moi grave serán destituídos do cargo que ocupen salvo que xa cesasen e non poderán ser nomeados para ocupar ningún posto de alto cargo ou asimilado durante un período de entre cinco e dez anos con arranxo aos criterios previstos no apartado seguinte.

CONCELLO DE CHANTADA



CONCELLO DE CHANTADA

EXPDTE 1141/2018

5. A comisión de infraccións moi graves, graves ou leves sancionárase de acordo cos criterios recolleitos no artigo 131.3 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, e os seguintes:

- a) A natureza e entidade da infracción.
- b) A gravidade do perigo ocasionado ou do prexuízo causado.
- c) As ganancias obtidas, no seu caso, como consecuencia dos actos ou omisións constitutivos da infracción.
- d) As consecuencias desfavorables dos feitos para a Facenda Pública respectiva.
- e) A circunstancia de proceder á corrección da infracción por propia iniciativa.
- f) A reparación dos danos ou prexuízos causados.

Na gradación das sancións valorárase a existencia de prexuízos para o interese público, a repercusión da conduta nos cidadáns, e, no seu caso, a percepción indebida de cantidades polo desempeño de actividades públicas incompatibles.

6. Cando as infraccións puidesen ser constitutivas de delito, a Administración poñerá os feitos en coñecemento do Fiscal Xeral do Estado e absterase de seguir o procedemento mentres a autoridade xudicial non dite unha resolución que poña fin ao proceso penal.

7. Cando os feitos estean tipificados como infracción nunha norma administrativa especial, darase conta dos mesmos á Administración competente para a instrución do correspondente procedemento sancionador, suspendéndose as actuacións ata a terminación daquel. Non se considerará normativa especial a Lei 47/2003, do 26 de novembro, Xeral Orzamentaria, respecto das infraccións previstas no artigo 28, podendo tramitarse o procedemento de responsabilidade patrimonial simultaneamente ao procedemento sancionador.

8. En todo caso a comisión das infraccións previstas no artigo 28 levará as seguintes consecuencias:

- a) A obrigaón de restituír, no seu caso, as cantidades percibidas ou satisfeitas indebidamente.
- b) A obrigaón de indemnizar á Facenda Pública nos termos do artigo 176 da Lei 47/2003, do 26 de novembro, Xeral Orzamentaria.”

Por último, cabe sinalar que tódalas funcións atribuídas a tesourería, tanto en materia de gastos coma de ingresos, debe ser exercida por funcionarios con habilitación de carácter nacional. Polo cal, de seguir a situación actual, as funcións inherentes á tesourería estarán a ser exercidas por un funcionario propio da corporación, e sin que o dito persoal esté nomeado dacordo cos sistemas de provisión establecidos na normativa aplicable. Expirado o réxime transitorio que permitía a norma, a situación descrita representa unha vulneración do disposto no artigo 92.1.b) e 92.2.b) da LRBRL, que reserva o desempeño de tales funcións a funcionarios con habilitación de carácter nacional correspondentes á subescala de intervención-tesourería.

CONCELLO DE CHANTADA



CONCELLO DE CHANTADA

EXPDTE 1141/2018

DÉCIMO.- CONCLUSIONES. RESULTADO DA FISCALIZACIÓN:

Devólvese o expediente para subsanación de erros, ou, no seu caso, achega dos documentos preceptivos.

Procede a tramitación do expediente. Sen perxuízo das irregularidades detectadas.

Omisión de fiscalización 06/2018.

Suspéndese a tramitación do expediente, ata que os reparos sexan solventados polo Alcalde, polos seguintes motivos:

Non foron fiscalizados os actos que deron orixe ás ordes de pago.

Omisión no expediente de requisitos ou trámites esenciais.

Derivado de comprobacións materiais de obras, subministracións, adquisicións e servizos.

Suspéndese a tramitación do expediente, ata que os reparos sexan solventados por o Pleno, por os seguintes motivos:

Insuficiencia o inadecuación de crédito.

Obrigas o gastos da súa competencia.

O presente informe emítase no exercicio do control de gastos e ingresos atribuído a esta Intervención

En Chantada, a data da sinatura electrónica.

A INTERVENTORA,

Asdo.: M^a CRISTINA GONZÁLEZ SANTÍN

DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE

Código Relación: 166		Descripción: FACTURAS TELEFONICA								
Reg	Fec. Reg.	Nº Factura	Fec. Fac.	Dni/Cif	Razón Social	Área	Importe	I.V.A	Dctos.	VB
1000	01/06/2018	28-F8M0-265851	01/06/2018	A78923125	TELEFONICA SERVICIOS MOVILES, S.A.		28,42	0,00	0,00	
Concepto: Movistar ttf 65706377 policia local mes de abril-m aio.							Operación : ADO	Imp. Líquido: 28,42		
Domiciliación bancaria : LA CAIXA 2100 2931 96 0200013229										
Partidas Presupuestarias										
			132	22200	SERVICIOS DE TELECOMUNICACIONES					28,42
1239	01/07/2018	28-G8M0-250001	01/07/2018	A78923125	TELEFONICA SERVICIOS MOVILES, S.A.		27,15	0,00	0,00	

CONCELLO DE CHANTADA



CONCELLO DE CHANTADA

EXPDTE 1141/2018

Concepto: TELEFONO POLICIA LOCAL 65706377 MAYO JUNIO					Operación : ADO	Imp. Líquido: 27,15		
Domiciliación bancaria : LA CAIXA 2100 2931 96 0200013229								
Partidas Presupuestarias								
	132	22200	SERVICIOS DE TELECOMUNICACIONES					27,15
1356	01/08/2018	28-H8M0-244678	01/08/2018	A78923125	TELEFONICA SERVICIOS MOVILES, S.A.	27,64	0,00	0,00
Concepto: TELEFONO POLICIA LOCAL 65706377 JUNIO JULIO.					Operación : ADO	Imp. Líquido: 27,64		
Domiciliación bancaria : LA CAIXA 2100 2931 96 0200013229								
Partidas Presupuestarias								
	132	22200	SERVICIOS DE TELECOMUNICACIONES					27,64
1486	01/09/2018	28-I8M0-176526	01/09/2018	A78923125	TELEFONICA SERVICIOS MOVILES, S.A.	33,60	0,00	0,00
Concepto: FACTURA MOBIL POLICIA LOCAL 65706377 DE JULIO A AG OSTO.					Operación : ADO	Imp. Líquido: 33,60		
Domiciliación bancaria : LA CAIXA 2100 2931 96 0200013229								
Partidas Presupuestarias								
	132	22200	SERVICIOS DE TELECOMUNICACIONES					33,60
1590	02/05/2018	28-E8M0-210441	01/05/2018	A78923125	TELEFONICA SERVICIOS MOVILES, S.A.	32,65	0,00	0,00
Concepto: TELEFONO MOVIL POLICIA LOCAL ABRIL					Operación : ADO	Imp. Líquido: 32,65		
Domiciliación bancaria : LA CAIXA 2100 2931 96 0200013229								
Partidas Presupuestarias								
	132	22200	SERVICIOS DE TELECOMUNICACIONES					32,65
1591	02/04/2018	28-D8M0-290347	01/04/2018	A78923125	TELEFONICA SERVICIOS MOVILES, S.A.	26,86	0,00	0,00
Concepto: TELEFONO MOVIL POLICIA LOCAL MES DE MARZO					Operación : ADO	Imp. Líquido: 26,86		
Domiciliación bancaria : LA CAIXA 2100 2931 96 0200013229								
Partidas Presupuestarias								
	132	22200	SERVICIOS DE TELECOMUNICACIONES					26,86
Total Relación...		Imp. Presupuesto: 176,32	I.V.A: 0,00	Dctos: 0,00			Imp. Líquido: 176,32	

CONCELLO DE CHANTADA

Plaza de España, Nº 1, Chantada. 27500 Lugo. Tfno. 982440011. Fax: 982462102



CONCELLO DE CHANTADA

EXPDTE 1080/2018

ASUNTO: NÓMINAS OUTUBRO 2018.

Dacordo co artigo 4.1 do Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo, por o que regúlase o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional, o artigo 214 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, por o que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, TRLRFL, o Real Decreto 424/2017, de 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do sector público, e a Base 33 das Bases de Execución do Orzamento, emítase o seguinte

INFORME DE INTERVENCIÓN

PRIMEIRO.- LEXISLACIÓN APLICABLE.

1. Lei 7/85, de 2 de abril, Lei Reguladora das Bases do Réxime Local, LRBRL.
2. Lei 27/2013, de 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Administración Local
3. Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, TRLRFL.
4. Lei 6/2018, de 3 de xullo, de Presupostos Xerais do Estado para o exercicio 2018.
5. Real Decreto 861/1986, de 25 de abril, polo que se regula o réxime de retribucións dos funcionarios da Administración Local.
6. Lei 30/1984, de 2 de agosto, de medidas para a reforma da función pública, en aqueles preceptos que manteñan a súa vixencia, LMRFP.
7. Real Decreto legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido do Estatuto Básico do Empregado Público, TREBEP
8. Real Decreto Legislativo 2/2015, de 23 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, TRLET.
9. Real Decreto 2720/1998, do 18 de decembro, polo que se desenvolve o artigo 15 do Estatuto dos Traballadores en materia de contratos de duración determinada.
10. Real Decreto-lei 20/2012, de 13 de xullo, de medidas para garantir a estabilidade orzamentaria e de fomento da competitividade.
11. Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, Lei de Estabilidade orzamentaria e Sostibilidade Financeira, LOEPSF.
12. Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.
13. Lei 2/2015, de 29 de abril de emprego público de Galicia.
14. Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración local.
15. Bases de Execución do Orzamento para o exercicio.

CONCELLO DE CHANTADA



CONCELLO DE CHANTADA

EXPDTE 1080/2018

16. Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

SEGUNDO.- ANTECEDENTES.

- Providencia de alcaldía.
- Documentación do expediente de nóminas.
- A nómina de funcionarios, persoal laboral e dos órganos de goberno do mes de Outubro de 2018.
- Informe conciliación da nómina, onde figura a retribución mensual e a retribución do mes anterior, asinada polo Alcalde da Corporación.

Plazo legal para emisión de informe. Artigo 80.2 da Lei 39/2015, de 1 de outubro.

O expediente de nóminas pásase a fiscalizar o día 29/10/2018.

TERCEIRO.- EXTREMOS XERAIS OBXETO DE COMPROBACIÓN.

- Existencia de crédito axeitado e suficiente. Artigos 167 e 172 TRLRFL e 24 e ss RD 500/1990, de 20 abril.**
- Cos expedientes de recoñecemento de obrigas responden a gastos aprobados e comprometidos, e no seu caso, fiscalizados favorablemente.**

Non se atopa ningún gasto en fase AD, que é como debería estar todo o persoal contratado.

Non existe Relación de Postos de traballo, nin valoración dos postos de traballo.

- Executividade dos recursos que financian o gasto.**
- Órgano competente para a tramitación do expediente.**
 - Alcalde.**
 - Xunta de Goberno Local.**
 - Pleno.**

CUARTO.- EXTREMOS ESPECÍFICOS OBXETO DE COMPROBACIÓN.

- Que as nóminas están asinadas polo responsable do Servizo ou o Alcalde da Corporación.**
- No caso das de carácter ordinario, comprobación aritmética que se realizará efectuando o cadre total da nómina, co que resulte do mes anterior máis a suma algebraica das variacións incluídas na nómina do mes de que se trate.**

O sistema de xestión das nóminas é deficiente, xa que aínda que non existe constancia das variacións incluídas na nómina do mes, por o que esta Intervención non pode facer a comprobación aritmética consistente no cuadro total da nómina co que resulte do mes anterior máis a suma alxebrica das variacións incluídas na nómina do mes.

Non confeccionándose documentos normalizados que reflexen as variacións sobre o mes anterior nin se adxunta a xustificación das mesmas en moitos casos, que deberían de servir de base para a fiscalización por esta Intervención, o que dificulta notablemente

CONCELLO DE CHANTADA



CONCELLO DE CHANTADA

EXPDTE 1080/2018

e pode chegar a impedir o adecuado exercicio das funcións de intervención.

Informes de referencia: Informe de fiscalización del Tribunal de Cuentas del Ayuntamiento de Colmenar de Oreja, año 1999, y de la Cámara de Cuentas de Madrid del Ayuntamiento de Alcorcón, años 2000 y 2001, entre otros.

Faise constar, que a xestoría non efectúa as nóminas mediante procedementos normalizados e segundo debería facerse na Administración, o que provoca grandes problemas á hora da fiscalización, e ademáis non existe contrato algún coa mesma, o que pode afectar a protección de datos de carácter persoal. Debendo ser persoal do Concello o que debería facer as nóminas.

Non existe persoal específico encargado de nóminas, polo cal, descoñecense todas as baixas, se proceden ou non trienios e si existen altas durante o mes.

Xustificación documental das variacións experimentadas por altas e baixas, limitada aos seguintes extremos:

Altos cargos: Copia do acordo de nomeamento ou documento no que se indique a data da súa publicación oficial, dilixencia da correspondente toma de posesión e verificación das retribucións.

Persoal de novo ingreso: Acordo de nomeamento, dilixencia da correspondente toma de posesión e verificación de que as retribucións están de acordo co grupo e posto de traballo.

Persoal laboral de novo ingreso: copia do do expediente de contratación sobre o que foi exercida a fiscalización do gasto, e do contrato formalizado en todo caso.

Persoal laboral temporal: copia dos contratos do devandito persoal.

Expdte 1080/2018. Contratación de auxiliares de policía local. Informe de fiscalización 2018-189, do 11 de outubro.

Non consta formalización dos contratos.

Persoal laboral temporal: copia dos contratos do devandito persoal.

Expdte 943/2018. Contratación de auxiliares de policía local. Informe de fiscalización 2018-188, do 11 de outubro.

Non consta formalización dos contratos.

Nos expedientes de aprobación e recoñecemento da cota patronal á Seguridade Social comprobaranse os extremos de carácter xeral.

Cos expedientes de recoñecemento de obrigas responden a gastos aprobados e comprometidos, e no seu caso, fiscalizados favorablemente.

Aparece o gasto da Seguridade Social de María Dieguez López x sentenza de indefinición e pago dos salarios de tramitación, facéndose efectivo nesta nómina o importe da Seguridade Social (4.327,66€), non os dos salarios de tramitación.

Executividade dos recursos que financian o gasto.

Órgano competente para a tramitación do expediente.

CONCELLO DE CHANTADA

Plaza de España, Nº 1, Chantada. 27500 Lugo. Tfno. 982440011. Fax: 982462102



CONCELLO DE CHANTADA

EXPDTE 1080/2018

Alcalde.

Xunta de Goberno Local.

En caso de produtividade e gratificacións.

Acordo plenario regulador do mesmo

Xustificación documental

Acordo de aprobación polo órgano competente

Non se tramitan no expediente.

Indemnizacións por razón de servizo.

1. Dietas do persoal da Corporación.

CONCEPTO	IMPORTES	VARIACIÓN
Manuel Lorenzo Varela Rodriguez	60,10	Desprazamentos
Servizo axuda no fogar	2.083,52	Desprazamentos

As dietas, deben solicitarse previamente, e unha vez concedida a autorización, debe xustificarse adecuadamente.

Non se xustifican adecuadamente.

As Dietas por desprazamento das Auxiliares do Servizo de Axuda no Fogar, foron asinadas polo Traballador Social. Pero non coinciden os importes cos establecidos na nómina por diferencias de decimais.

QUINTO.- OUTROS EXTREMOS COMPROBADOS. OBSERVACIÓNS.

Non existe Relación de Postos de traballo, nin valoración dos postos de traballo.

Non consta no Departamento de Intervención nin Tesorería un Rexistro de terceiros que teña os certificados bancarios, polo cal non pode comprobarse a adecuación da orde de pago.

Incremento retributivo recollido nas Leis de Orzamentos Xerais do Estado.

Incrementouse no mes anterior o establecido por a Lei de Orzamentos do Estado.

Compatibilidade dos traballadores do Concello.

Fáise constar a necesidade de analizar si existen expedientes de recoñecemento de compatibilidade dos traballadores contratados como persoal laboral, sobre todo naqueles casos de persoal temporal e indefinidos, xa que dende esta Intervención non se ten coñecemento algún.

Circunstancias do persoal do Concello de Chantada.

A abundancia de sentencias que declaran a determinación do persoal laboral temporal como indefinido, no Concello, o que pón de manifesto as irregularidades dos contratos temporais, e a realización dos mesmo en fraude de Lei.

O carácter de indefinido, non implica que dito posto sexa fixo para o Concello, e debería ser obxecto da correspondente valoración, mediante a Relación de Postos de Traballo, e unha vez valorada adecuadamente, se procede, deberá de sacarse a Oferta de

CONCELLO DE CHANTADA



CONCELLO DE CHANTADA

EXPDTE 1080/2018

Emprego Público, xa que todo o persoal debe ser seleccionado garantizando os principios de igualdade, mérito e capacidade, tal e como sinala ao efecto o artigo 91.2 da LRBRL, ao dicir que *“La selección de todo el personal, sea funcionario o laboral, debe realizarse de acuerdo con la oferta de empleo público, mediante convocatoria pública y a través del sistema de concurso, oposición o concurso-oposición libre en los que se garanticen, en todo caso, los principios constitucionales de igualdad, mérito y capacidad, así como el de publicidad.”*; sendo necesario sinalar as limitacións establecidas na Lei de Orzamentos do Estado.

Por outra banda, cabe destacar que no Concello non existe Relación de Postos de Traballo, o cal debe de correxirse, xa que dacordo co artigo 90.2 da LRBRL *“ 2. Las Corporaciones locales formarán la relación de todos los puestos de trabajo existentes en su organización, en los términos previstos en la legislación básica sobre función pública.*

Corresponde al Estado establecer las normas con arreglo a las cuales hayan de confeccionarse las relaciones de puestos de trabajo, la descripción de puestos de trabajo tipo y las condiciones requeridas para su creación, así como las normas básicas de la carrera administrativa, especialmente por lo que se refiere a la promoción de los funcionarios a niveles y grupos superiores.”

Sinalando o artigo 74 do Real Decreto lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, que *“Las Administraciones Públicas estructurarán su organización a través de relaciones de puestos de trabajo u otros instrumentos organizativos similares que comprenderán, al menos, la denominación de los puestos, los grupos de clasificación profesional, los cuerpos o escalas, en su caso, a que estén adscritos, los sistemas de provisión y las retribuciones complementarias. Dichos instrumentos serán públicos.”* Sendo a súa formación obrigatoria para todas as Corporacións Locais (artigo 90.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril), que terán que incluír nelas a denominación e características esenciais dos postos, as retribucións complementarias que lles correspondan e os requisitos exixidos para o seu desempeño (artigo 74 da Lei 7/2007, de 12 de abril). Engadindo o artigo 126.4 do TRRL, que a relación do posto de traballo, comprenderá todos os postos de traballo debidamente clasificados reservados a funcionarios, persoal laboral e eventual.

É o propio artigo 15 do Real Decreto Lexislativo 2/2015, de 23 de outubro, ao falar da duración dos contratos sinala, no apartado un.a) os seguintes requisitos para contratar a un traballador para a realización dunha obra ou servizo determinados:

- a) Ca obra ou servizo teña autonomía e sustantividade propia dentro da actividade da empresa.
- b) Ca súa execución, aínda que limitada no tempo, sexa en principio de duración incerta.

Ademáis estes contratos non poderán ter unha duración superior a tres anos, (...). Transcorridos estes prazos, os traballadores adquirirán a condición de traballadores fixos da empresa. Engadindo o apartado tres, que se **presumirán por tempo indefinido os contratos temporais celebrados en fraude de lei.**

Agora ben esto hai que relacionalo coa normativa expresa á que está sometida a Administración, onde para a selección de persoal é necesario seguir un procedemento, artigos 55 e seguintes do Real Decreto Lexislativo 2/2015, de 23 de outubro.

CONCELLO DE CHANTADA



CONCELLO DE CHANTADA

EXPDTE 1080/2018

E ademáis o artigo 28.4 da Lei 2/2015, de 29 de abril, sinala que “**4. Incurrirán en responsabilidade, en los términos previstos por la presente ley, las personas que con su actuación irregular den lugar a la conversión en indefinida de una relación laboral de carácter temporal o a la adquisición de la condición de empleado público por una persona que no la ostentara.**”

Polo tanto, a maior parte das prazas do Concello, sacadas temporalmente, non teñen dito carácter, senón que son necesarias para o adecuado funcionamento e polo tanto teñen carácter estrutural, polo que sería necesario a correspondente convocatoria da Oferta de emprego público, na medida ca Lei de Orzamentos do Estado o permita.

Por último sinalar ca temporalidade dunha relación laboral non pode argumentarse en co seu financiamento esté sometido a unha subvención, sinalando esta circunstancia o Tribunal Supremo na senteza do 12 de marzo de 2012, xa ca temporalidade afecta exclusivamente a financiación do servizo, non á prestación do mesmo.

Por outra banda, para seleccionar persoal de carácter temporal, deberá xustificarse no expediente o carácter excepcional da necesidade que obriga a realizar a contratación temporal, é dicir, que non se trate de cubrir unha eventualidade ordinaria. E que cos medios persoais de que dispón o Concello, mediante unha planificación, reorganización, reasignación de efectivos, etc, non é posible atender as necesidades.

De tal xeito, que a carga de motivar e xustificar correspóndelle ao Concello, polo que sería necesario un informe detallado sobre os medios persoais existentes no Concello, con descrición minuciosas dos labores e horarios de traballo de cada un dos membros do persoal nas categorías aptas para prestar o servizo e con explicación pormenorizada dos motivos polos que, con devanditos efectivos globais do Concello, resulta materialmente imposible realizar esas funcións co persoal do persoal do Concello.

O explicado anteriormente, foi avalado por distintas sentenzas da Jurisdicción Contencioso-Administrativa de Galicia, tales como, o Xulgado Contencioso-Administrativo de orense, en diversas sentenzas, Sentencia 207/2013, Sentencia 208/2013, Sentencia 206/2013 e Sentenza 205/2013.

Sinalar cas Administracións Públicas á hora de contratar persoal laboral temporal, seguindo a normativa reguladora da Función Pública, deben someterse aos principios de igualdade, mérito e capacidade. Por tanto, será obriga non esixir requisito ou condición algunha que non sexa referida aos conceptos de capacidade e mérito. É dicir, entre os “méritos” contemplados na convocatoria deben figurar os adecuados ás características de cada posto de traballo, así como a posesión dun determinado grado persoal, a valoración do traballo desenvolvido, os cursos de formación e perfeccionamento superados e a antigüidade.

O Estatuto Básico do Empregado Público, aprobado por Lei 7/2007, do 12 de abril, inclúe o persoal laboral temporal entre os empregados públicos no seu artigo 8 e regula no seu artigo 55 os principios rectores do acceso ao emprego público, en desenvolvemento dos artigos 23.2 e 103.3 da Constitución Española.

A estes principios cabe engadir o de igualdade, consagrada no artigo 14 CE, que garante a igualdade de todos os españois ante a Lei sen que poida prevalecer discriminación ningunha por razón de nacemento, raza, sexo, relixión, opinión ou calquera outra condición ou **circunstancia persoal ou social**.

CONCELLO DE CHANTADA



CONCELLO DE CHANTADA

EXPDTE 1080/2018

Así, establece o artigo 55 EBEP que todos os cidadáns teñen dereito ao acceso ao emprego público de acordo cos **principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade**, e de acordo co previsto no presente Estatuto e no resto da ordenamento xurídico. As Administracións Públicas, Entidades e Organismos a que se refire o artigo 2 do presente Estatuto seleccionarán o seu persoal funcionario e laboral mediante procedementos nos que se garantan os principios constitucionais antes expresados...".

O TC na súa Sentenza do 3 de agosto de 1983 afirma que "o artigo 14 CE configura o principio de igualdade ante a Lei como un dereito subxectivo dos cidadáns, evitando os privilexios e as desigualdades discriminatorias entre aqueles, sempre que se encontren dentro das propias situacións de feito, ás que debe corresponder un tratamento xurídico igual, pois en tales supostos a norma debe ser idéntica para todos, comprendéndoos nas súas disposicións e previsións coa mesma concesión de dereitos que eviten as desigualdades, pois de non se actuar lexislativamente de tal xeito, xurdiría un tratamento diferenciado a causa dunha conduta arbitraria, ou polo menos non debidamente xustificada, do poder público lexislativo. Só lle resulta posible ao lexislador, en axeitada opción lexislativa, establecer para os cidadáns un trato diferenciado, cando teña que resolver situacións diferenciadas facticamente con maior ou suficiente intensidade, que requiran na súa solución polo seu mesmo contido unha decisión distinta, pero a tal fin resulta indispensable que exista unha xustificación obxectiva e razoable, de acordo con criterios e xuízos de valor xeralmente aceptados, cuxa esixencia deba aplicarse en relación coa finalidade e efectos da medida considerada, debendo estar presente por iso unha razoable relación de proporcionalidade entre os medios empregados e a finalidade perseguida, e deixando en definitiva ao lexislador con carácter xeral a apreciación de situacións distintas que sexa procedente diferenciar e tratar desigualmente...".

Noutra Sentenza do 26 de decembro de 1987 o TC considera que "o artigo 23.2 CE impón a obriga de "non esixir para o acceso á función pública requisito ou condición ningunha que non sexa referible aos indicados conceptos de mérito e capacidade, de maneira que puidesen considerarse tamén violatorios do principio de igualdade todos aqueles que, sen esa referencia, establezan unha desigualdade entre españois,". Segue indicando a citada Sentenza que o art.º 23.2 introduce "un criterio igualatorio que constitúe unha garantía, reforzada por tratarse dun dereito fundamental, do principio de imparcialidade dos funcionarios públicos proclamado no artigo 103.3, inherente por esencia ao Estado de Dereito que a Constitución consagra. Por conseguinte, na resolución dos procedementos de selección para ocupar un posto integrado na función pública, os órganos e autoridades competentes deben guiarse exclusivamente por aqueles criterios de mérito e capacidade (...), incorrendo en infracción do mencionado precepto constitucional se tomasen en consideración outras condicións persoais ou sociais dos candidatos, non referidos aos devanditos criterios".

Dacordo co artigo 19.9 da Lei 6/2018, de 3 de xullo, de Presupostos Xerais do Estado para o exercicio 2018, "9. *Además de lo establecido en el artículo 19.uno.6 de la Ley 3/2017, de 27 de junio, de Presupuestos Generales del Estado para el año 2017, se autoriza una tasa adicional para la estabilización de empleo temporal que incluirá las plazas de naturaleza estructural que, estando dotadas presupuestariamente, hayan*

CONCELLO DE CHANTADA



CONCELLO DE CHANTADA

EXPDTE 1080/2018

